



Viñetas desde o Atlántico 2023 aposta polo cinema de animación na súa quinta xornada, co ciclo Órbita Animada e coa exposición sobre o gañador de catro Goyas Alberto Vázquez

Este venres, 11 de agosto, o Teatro Colón acollerá as proxeccións dos filmes xaponeses *The First Slam Dunk*, o esperado e apaixonante relato sobre o mundo do básquet en clave anime do director Takehiko Inoue (12.00h), e a película de culto *Akira 4K* (17.00h), reeditada no ano do seu 35 aniversario

Pola súa banda, a Sala de Exposicións de PALEXCO propón unha oportunidade única para mergullarse no traballo do ilustrador e animador coruñés Alberto Vázquez, autor, entre outros traballos, das premiadas longametraxes *Psiconautas* e *Unicorn Wars*, coa mostra *Alberto Vázquez: do cómic á animación*

A Coruña, 10 de agosto de 2023.- Este venres, 10 de agosto, na súa quinta xornada, Viñetas desde o Atlántico 2023 aposta polo cinema de animación cunha dobre sesión do seu ciclo para público infantil, adolescente e adulto 'Órbita animada'. O Teatro Colón acollerá as proxeccións dos filmes xaponeses *The First Slam Dunk*, o esperado e apaixonante relato sobre o mundo do básquet en clave anime do director Takehiko Inoue (12.00h), que ven de gañar o Premio Satoshi Kon da excelencia na animación, e a película de culto *Akira 4K* (17.00h), reeditada no ano do seu 35 aniversario. Ambos pases son de acceso libre ata completar a capacidade da sala.

Paralelamente, Viñetas desde o Atlántico ofrece unha oportunidade única para mergullarse no universo artístico do multipremiado creador Alberto Vázquez, coa mostra *Alberto Vázquez: do cómic á animación*, comisariada por Matilde Rodríguez, que se pode ver na Sala de Exposicións de PALEXCO ata o 10 de setembro. Vázquez é un destacado director de animación, ilustrador e debuxante de cómics nado na Coruña, que conta con catro Premios Goya no seu palmarés, polas curtas de animación *Birdboy* (2012) e *Decorado* (2017) e polas longametraxes de animación *Psiconautas, los niños olvidados* (2017) e *Unicorn Wars* (2023).

Alberto Vázquez: do cómic á animación ofrece unha coidada selección de pezas que desvelan o característico traballo iconoclasta do artista -protagonizado por animais antropomorfos- e as súas temáticas universais de ámbito social. O público poderá explorar o seu singular enfoque creativo a través dos orixinais dos seus cómics *Psiconautas*, *El evangelio de Judas*, *La caza* e algunhas historias curtas; e poderá mergullarse tamén nos seus procesos de animación grazas a *layouts*, deseños de personaxes, arte conceptual e orixinais dos seus *storyboards*, realizados a lapis e acuarela, que revelan os detalles que dan vida ás súas personaxes e narrativas.

Pola súa banda, o festival de autoedición e BD da Coruña Autobán da o seu pistoletazo de saída este venres na sala Filomatic, co seu 'Autobombo' e o seu 'Combate de debuxantes'.



Ademais, para o público familiar, durante a mañá (de 11.30 a 13.30h) estará dispoñible a Comiecteca infantil no Palco da Música do Xardíns de Méndez Núñez, espazo que pola tarde acollerá dous novos obradoiros para nenas e nenos de Viñetas Lab (ás 18.00 e 19.00h).

Na Rúa da BD, aberta de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 21.00h, este venres 11 asinarán as súas obras Ánxel Carramal (Anaya), ás 18.00h; César Sebastián (Metrópolis Cómicos A Coruña), ás 18.00h; Inés Vázquez (Demo Editorial), ás 18.30h; María Brenn (Librería Paz), ás 19.00h; Óscar Losada e Xulia Pisón (Alita Cómicos), ás 19.00h; Santy Gutiérrez (Demo Editorial), ás 19.30h; e, ao longo da xornada, Javier Monja Potente e Frank Peñas Arias (T-Raptor Editorial).

PROGRAMA ACTIVIDADES VIÑETAS 2023 VENRES 11 DE AGOSTO

11.30 a 13.30h Palco da Música – Comiecteca.

12.00h Teatro Colón - Órbita animada. Ciclo de cinema: *The First Slam Dunk*.

17.00h Teatro Colón - Órbita animada. Ciclo de cinema: *Akira 4K*.

18.00h Palco da Música: Obradoiro infantil Viñetas Lab.

19.00h Palco da Música: Obradoiro infantil Viñetas Lab.

EN PARALELO:

Autobán, Festa da autoedición

Sala Filomatic

18.30h Presentación de Autobán 2023.

19.00h Autobombo.

21.00h Combate de debuxantes.

Rúa da Banda Deseñada (aberta de 11.00 a 14.00h e 17.00 a 21.00h)

Sinaturas

17.00h Víctor L. Pinel e Alicia Jaraba - Nuevo Nueve.

18.00h Ánxel Carramal – Anaya.

18.00h César Sebastián - Metrópolis Cómicos A Coruña.

18.30h Inés Vázquez - Demo Editorial.

19.00h María Brenn - Librería Paz.

19.00h Óscar Losada e Xulia Pisón - Alita Cómicos

19.30h Santy Gutiérrez - Demo Editorial.

E, tamén: Javier Monja Potente e Frank Peñas Arias - T-Raptor Editorial

DESCARGA O CATÁLOGO DE VIÑETAS 2023 PARA MÁIS INFORMACIÓN SOBRE AS EXPOSICIÓNS E AUTORÍAS

https://www.vinetasdesdeatlantico.com/wp-content/uploads/2023/08/Catalogo_Vinetas_2023.pdf

MÁIS INFORMACIÓN

<https://www.vinetasdesdeatlantico.com>

CONTACTO DE PRENSA

Luisa Castiñeira | Tel. 620 113 155 | luisa@theofficeco.es

Lucía Pita | Tel. 675 404 321 | lucia.pita@theofficeco.es

DESCARGA DO PRESS KIT DE VIÑETAS DESDE O ATLÁNTICO 2023

(Notas de prensa, dossier, cartel, fotografías en alta e outros materiais de difusión)

https://www.dropbox.com/sh/3nl46oqjaiprghc/AAAD_YrSwKaKWYk8_U_ICwa?dl=0